

Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Subvencións e axudas*****BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN OS PREMIOS CON MOTIVO DO ENTROIDO
2024******BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN OS PREMIOS CON MOTIVO DO ENTROIDO 2024*****1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

Regulación dos premios con motivo do Entroido do ano 2024.

2. CRÉDITO ORZAMENTARIO.

Destínase un crédito máximo de 10.500,00 € que se imputará á aplicación 3381A/481.0000 do orzamento de gastos do ano 2024, para os premios ás comparsas que participen nos actos programados con motivo do Entroido.

Estes 10.500,00 € distribuiranse segundo os seguintes criterios:

- 300 € ás comparsas que teñan entre 26 e 55 compoñentes.
- 400 € ás comparsas que teñan entre 56 e 80 compoñentes.
- 500 € ás comparsas que teñan máis de 80 compoñentes.

Premios xerais de comparsas:

- 900 € o 1º premio.
- 600 € o 2º premio.
- 300 € o 3º premio.

Premio mocidade de comparsa :500 €

Premio retranca de comparsa: 500 €

Premio inclusión á diversidade de comparsa: 500 €

Premios de grupos:

- 200 € o 1º premio
- 150 € o 2º premio

Premios de parellas:

- 100 € o 1º Premio



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

- 80 € o 2º Premio

Premios individuais:

- 80 € o 1º Premio
- 50 € o 2º Premio

O Xurado poderá deixar os premios desertos, así como conceder, como máximo, un premio de non máis de 800,00 €, a aquela comparsa que polas súas especiais características destaquen na exaltación da Festa do Entroido. A comparsa á que se lle conceda este premio especial non optará aos premios nin á asignación por número de compoñentes.

Para a concesión dos premios terase en conta o número menor de compoñentes, ben os indicados na solicitude ou, na acta do desfile, segundo o caso.

O pagamento dos premios estará suxeito á normativa fiscal aplicable en cada caso. Na contía do premio concedido incluírase calquera tipo de tributo que proceda.

No caso de que sumadas todas as cantidades propostas como subvencións excedan a consignación total, modificaríanse os importes aplicando reducións proporcionais a cada unha delas.

Cun mesmo CIF/NIF non poderán recibir máis dun premio por categoría nin máis dunha subvención por participación.

3. ENTES BENEFICIARIOS.

Serán susceptibles de obter os premios regulados nestas bases as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e sen ánimo de lucro, comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado, que, aínda que careza de personalidade xurídica, poida levar a cabo as actividades ou proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da presente subvención. Neste caso, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro ou representante con poder bastante para cumprir as obrigas do beneficiario.

As categorías son as seguintes:

- a) Comparsa: definida como a agrupación de máscaras nun número superior a 25 persoas.
- b) Mocidade: a comparsa que teña o maior número de mozos/as menores de idade á data da actuación
- c) Retranca: a comparsa que mellor exprese con segundas intencións e humor a actualidade, dentro dun marco de respecto e educación.
- d) Inclusión á diversidade: a comparsa con maior número de participantes que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- e) Grupo: a agrupación de máscaras nun número de entre 3 persoas a 25.
- f) Parella: a agrupación de dúas máscaras



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

g) Individual.

4. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario coma na súa actuación. Non se considerarán como comparsas con dereito a inscrición e participación aquelas que en anos anteriores repetiran, no substancial, o seu disfraz.

Poderase excluír como beneficiario das axudas reguladas nestas bases a todos aqueles que non acrediten as condicións mínimas esixidas.

As carrozas deberán ter unha altura máxima de 4,50 metros e un ancho máximo de 3,50 metros.

O número máximo de comparsas que participarán no desfile e que poderán recibir os premios virá determinado polo número de participantes no desfile e pola dispoñibilidade do espazo existente para este, e elixiranse por rigorosa orde de solicitude de inscrición no Rexistro xeral.

5. PROCEDIMENTO.

5.1. As comparsas que opten aos premios é condición imprescindible solicitar a inscrición da comparsa no Rexistro Xeral de entrada do Concello (conforme modelo anexo), rúa Alfonso XII, 2-Redondela no caso de persoas físicas.

Para o caso das persoas xurídicas, e de acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación destes premios farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>).

No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude en papel, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle a continuación.

O prazo de presentación será ata o 2 de febreiro dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no BOP.

No momento de formalizar a inscrición farase constar:

- O nome da comparsa.
- Número de membros que a compoñen, o número de menores de idade e o número de compoñentes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. O número máximo que se terá en conta é o que figure na solicitude, salvo que o número de participantes que figure na acta do desfile sexa menor. O Concello poderá requirir que se acrediten documentalmente estes requisitos.
- Tarxeta de Identificación Fiscal no caso de ser unha asociación constituída.



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

- Nome, apelidos, fotocopia compulsada do DNI, enderezo e teléfono do representante (de non ser unha asociación constituída)
- Nome, fotocopia compulsada do CIF, enderezo e teléfono no caso de ser unha asociación legalmente constituída
- Certificado de titularidade de conta do representante ou da Asociación no caso de estar constituída.

O día da celebración do desfile o xurado concederá os premios aos participantes levantando acta do resultado e de ter cumprido os requisitos establecidos nas bases.

O pagamento dos premios estará suxeito á normativa fiscal aplicable en cada caso. Na contía do premio concedido incluírase calquera tipo de tributo que proceda. No caso de que o pagamento se faga a través de facturas, os premiados expedirán as mesmas unha vez aprobada a resolución de concesión e polo importe que se conteña na mesma. Na factura deberá constar como concepto “Participación no entroido de Redondela 2024”

Por outra banda, en todos os demais aspectos os premios rexeranse pola ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela

5.2. Para o caso dos premios restantes, o xurado requirirá ao premiado/a a súa identificación, recolléndoa o/a secretario/a do xurado. No caso de que o premiado sexa un/unha menor, identificarase ao seu representante legal.

6. XURADO.

O xurado estará formado por diversas persoas cualificadas para exercer esta función en número impar, e presidido pola concelleira de Cultura do Concello de Redondela dona María Rita Pérez Táboas, e actuando como Secretario/a un/unha concelleiro/a do Concello de Redondela.

7. DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN.

Para poder optar aos premios é imprescindible que as comparsas acompañen o Entroido nos actos programados para o domingo 11 de febreiro de 2024 e que comezará coa concentración das comparsas ás 17:00 horas no Campo da Feira. Sendo ás 18:00 horas o inicio do desfile.

O Concurso de grupos, parellas e individual desenvólvese na tarde do martes día 13 de febreiro de 2024, a partir das 17:00 horas. Todos os que desexen participar nesta fase do concurso realizarán a súa inscrición o mesmo día a partir das 16:00 horas, no posto instalado nos soportais do Concello.

Por razóns sanitarias e atendendo a evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, a celebración do desfile poderá cancelarse en aplicación das medidas establecidas en cada momento na normativa estatal, autonómica ou municipal quedando desertos os premios.



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

No caso de non poder celebrarse por mor das inclemencias meteorolóxicas terán lugar na data acordada polo xurado que será comunicada aos participantes, sendo a asistencia obrigatoria para poder optar aos premios.

8. PUBLICIDADE.

As bases publicaranse no Taboleiro electrónico de anuncios, na páxina web do Concello de Redondela e no BOP.

(Documento asinado dixitalmente na marxe)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: K3YXEIVRLQDQ4GMH



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

ANEXO I

SOLICITUDE DE COMPARSAS DO ENTROIDO DE REDONDELA QUE NON ESTÉN LEGALMENTE CONSTITUÍDAS**DATOS DO REPRESENTANTE DA COMPARSA:**

Nome e apelidos: _____

DNI _____

Enderezo: _____

CP: _____ Localidade: _____

e-mail: _____ teléfono: _____

NOME DA COMPARSA: _____**DOCUMENTACIÓN NECESARIA:**

- ☐ Fotocopia compulsada do DNI do representante
- ☐ Certificado de datos bancarios
- ☐ Anexo II

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria que rexerán os premios con motivo do Entroido do ano 2024.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:K3YXEIVRLQDQ4GMH



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela, ____ de _____ de 2024

Asdo.:

SRA ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: K3YXEIVRLQDQ4GMH



Venres, 12 de xaneiro de 2024
Núm. 9

ANEXO II
CONSTITUCIÓN DA COMPARSA

O representante DECLARA:

Que con data _____ procedeuse a constituír a COMPARSA PARA O ENTROIDO DE REDONDELA 2024, composta dos seguintes membros:

	Nome e apelidos	DNI
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		
16		
17		
18		
19		
20		
21		
22		
23		
24		
25		
26		
27		
28		
29		
30		
31		
32		
33		
34		
35		
36		
37		
38		
39		
40		
41		
42		
43		
44		
45		
46		
47		
48		

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:K3YXEIVRLQDQ4GMH



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

49		
50		
51		
52		
53		
54		
55		
56		
57		
58		
59		
60		
61		
62		
63		
64		
65		
66		
67		
68		
69		
70		
71		
72		
73		
74		
75		
76		
77		
78		
79		
80		
81		
82		
83		
84		
85		
86		
87		
88		
89		
90		
91		
92		
93		
94		
95		
96		
97		
98		
99		
100		
101		
102		
103		
104		
105		



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

106		
107		
108		
109		
110		
111		
112		
113		
114		
115		

- Que _____ nesta _____ data _____ nomeouse _____ a _____ Don/Dona _____ como representante desta COMPARSA para as relacións co Concello de Redondela
- Que esta comisión organizadora solicita a súa participación nas actividades relacionadas co Entroido de Redondela 2024.
- Que dos seus compoñentes _____ son menores de idade.
- Que dos seus compoñentes _____ teñen unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Que esta Comparsa se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases reguladoras dos premios.
- Que segundo dispón o artigo 11 da Lei xeral de subvencións todos os membros asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención aplicárase mediante a súa división entre o número de membros.
- A comparsa vai acompañada de música ☐ si ☐ non
- Así mesmo, todos os abaixo asinantes declaran:
 - 1) Atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Redondela.
 - 2) Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - 3) Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade _____ ou incapacidade para recibir axudas de administracións públicas.

Redondela, _____ de _____ 2024

Asdo.: _____



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

ANEXO III

SOLICITUDE DE COMPARSAS PARA ASOCIACIÓNS LEGALMENTE CONSTITUÍDAS

DATOS DA ASOCIACIÓN:

Nome: _____ CIF _____

NOME DA COMPARSA: _____

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Enderezo: _____ C.P. : _____
Localidade: _____

DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome e apelidos: _____

NIF: _____

Teléfono: _____

Relación coa entidade: _____

e-mail: _____

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- ☐ Fotocopia compulsada do DNI do representante
- ☐ Certificado de datos bancarios da asociación
- ☐ Fotocopia compulsada do CIF da asociación

DECLARA

a).- Que esta asociación, sen ánimo de lucro, solicita a súa participación nas actividades relacionadas co Entroido de Redondela 2024, está composta de _____ compoñentes.

b) Que dos seus compoñentes _____ son menores de idade.

c) Que dos seus compoñentes _____ teñen unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

d) Que esta comparsa se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases reguladoras dos premios.

e) Así mesmo declara:

1) Atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Redondela.

2) Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3) Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas de administracións públicas.

4) Que xa ten presentada en anos anteriores a seguinte documentación e que os datos non sufriron variacións:

- Fotocopia DNI presidente ☐ si ☐ non

- CIF ☐ si ☐ non

- Certificación de datos bancarios da Asociación ☐ si ☐ non

f) A comparsa vai acompañada de música ☐ si ☐ non



Venres, 12 de xaneiro de 2024

Núm. 9

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria que rexerán os premios con motivo do Entroido do ano 2024.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

ESTA SOLICITUDE DEBE PRESENTARSE DE XEITO TELEMÁTICO DE ACORDO CO ESTABLECIDO NA BASE QUINTA.

Redondela, ____ de _____ de 2024

Asdo.:

SRA ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:K3YXEIVRLQDQ4GMH

